

**IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL  
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL**

**Comunicaciones / Comunicacións**

**IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL**

Nome ponente 1: **ANA I. GONZÁLEZ QUINTEIRO**

Titulación Académica: **Educadora Social (Universidade de Santiago de Compostela)**

Nome ponente 2: **JAIME LAMAS MARTÍNEZ**

Profesión: **Experto- Docente Obradoiro de Emprego**

Cargo Ponente 1: **TITORA DO OBRADOIRO DE EMPREGO “AGOLADA I”**

Cargo Ponente 2: **EXPERTO DOCENTE ESPECIALIDADE CARPINTERÍA**

Entidade promotora: **CONCELLO DE AGOLADA**

Título da comunicación a presentar:

**“O Obradoiro de Emprego como instrumento que  
fomenta os lazos cívicos e o  
exercicio de cidadanía”**

Ámbito: **Inserción Laboral**

**IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL  
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL**

**Comunicaciones / Comunicacións**

**ÍNDICE**

1. Presentación e ubicación preliminar do Programa de Obradoiros de Emprego.
2. O Obradoiro de Emprego “Agolada I”
3. Tesis
  - 3.1. O “léxico ideario” da nosa tesis
  - 3.2. Exposición da mesma
4. Factores a ter en conta
5. O Obradoiro de Emprego como exercicio de cidadanía
6. A “rendabilidade comunitaria” do programa
7. Resumo da exposición

## 1. PRESENTACIÓN E UBICACIÓN PRELIMINAR DO PROGRAMA DE OBRADOIROS DE EMPREGO

O Obradoiros de Emprego (OE) son programas públicos de emprego-formación que teñen como finalidade a inserción laboral dos desempregados de vintecinco ou máis anos de idade, mediante a cualificación en alternancia coa práctica profesional en ocupacións ou actividades de utilidade pública ou interese social.

Os promoven organismos autónomos e entres públicos da Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma; as entidades locais e os seus organismos autónomos e as fundacións, asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro.

Están subvencionados pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais a través das súas Delegacións Provinciais

A formación se estrutura en dúas etapas de seis meses. En ámbalas dúas, os participantes reciben formación profesional de carácter ocupacional complementada coa alternancia no traballo e práctica profesional

Os requisitos para participar nun obradoiro de emprego como alumno/a traballador/a son:

- Ter vintecinco ou máis anos de idade
- Estar desempregado ou inscrito no Servicio Público de Emprego de Galicia
- Preferentemente, non ter participado nunca Escola Obradoiro, Casa de Oficios ou Obradoiro de Emprego

(Terán prioridade aquelas persoas con especiais dificultades de inserción no mercado de traballo tales como parados de longa duración, maiores de corenta e cinco anos, mulleres e persoas con discapacidades que lles permitan realiza-los traballos)

Os/as alumnos/as traballadores/as están vinculados coa entidade promotora por medio dun contrato de traballo e perciben unha retribución equivalente ó 150% do Salario Mínimo Interprofesional (657 euros neste intre).

Ademáis da formación profesional se proporciona un coñecemento básico en seguridade e saúde no traballo, orientación laboral e asesoramente sobre saídas profesionais. Asemade, para os que non teñen rematada a Educación Secundaria Obligatoria (ESO) se lles oferta a formación complementaria mediante clases específicas. Por último, dependendo das características idiosincrásicas do alumnado ou das necesidades reais ou sentidas, se levan a cabo unha serie de charlas, conferencias e exposicións coa finalidade de aumentar a capacidade de visión integradora da sociedade onde están insertos/as.

## 2. O Obradoiro de Emprego “AGOLADA I”

O Concello de Agolada ten 3500 habitantes nunha extensión de 147'280 Kms<sup>2</sup>, dividido en 25 parroquias. A súa poboación é desperdigada cunha media de idade elevada e cun crecemento vexetativo negativo. A súa economía é eminentemente rural. Consta dun Polígono Industrial en fase de expansión.

O OE “Agolada I” leva funcionando dende o vinte de Novembro de 2003 e finalizará o 20 de Novembro de 2004.

Nel existen tres especialidades formativas (cantería, carpintería e albanería) con doce alumnos traballadores por especialidade, facendo un total de trinta e seis, dende os vintese ata os sesenta anos de idade dos que dez son homes e vinteseis son mulleres.

O equipo directivo está formado por unha directora, unha titora, unha administrativo e tres expertos-docentes das respectivas especialidades formativas. Contamos, ademais, con tres monitores especialistas en Debuxo Técnico e Técnicas Instrumentais de Cálculo, Educación de Adultos e Orientación Laboral e Inserción Profesional, así como coa colaboración puntual dos diferentes expertos especialistas encargados de dar as distintas charlas ou conferencias.

## 3. TÉSIS

### 3.1. O “léxico ideario” da nosa tésis

Para ubicar a nosa exposición dentro dun marco teórico xa existente, consideramos oportuno amosar as premisas nas que nos baseamos. Son as seguintes:

**DESENVOLVEMENTO RURAL INTEGRADO.** Que atende simultaneamente a tódalas dimensións que definen a calidade de vida dunha comunidade con relación ó seu contorno natural e social en función dos componentes socioeconómicos que posúan maior dinamismo e perspectivas de futuro. É un proceso globalizador que pretende desenvolver os recursos endóxeos a medio e longo prazo e que persigue, coa participación da comunidade e co apoio dos axentes externos, o incremento do seu nivel de benestar.

**EDUCACIÓN CÍVICA E COMUNITARIA.** Como proposta formativa que concorda a instrución e formación de cada individuo nos criterios, valores e principios básicos dunha convivencia social comprometida con respecto ós dereitos humanos e coa construción dunha sociedade participativa, cooperativa e plural.

**INVESTIGACIÓN SOCIAL.** Como proceso de indagación e coñecemento crítico-reflexivo referido á sociedade en senso amplo que, compartindo principios científicos e opcións metodolóxicas diversificadas, promove o acceso sistemático e

## IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

### Comunicaciones / Comunicacións

riguroso ás realidades sociais co obxecto de proporcionar información e coñecemento suficiente sobre as mesmas e as súas respectivas problemáticas.

**TECNOLOXÍA SOCIAL.** Como unha “ciencia da acción” que aspira a transforma-lo coñecemento en posibilidades de actuación e que adquire un status propio na medida en que satisface o obxectivo de acadar solucións efectivas a situacións concretas. Non pode responder únicamente a intuicións ou circunstancias ocasionais senón que implica adoptar criterios de planificación e execución sistemática das accións.

**APRENDIZAXE.** Como un proceso polo que un suxeito motivado cambia as conductas para vencer un obstáculo e acadar a meta que satisface a súa motivación.

### 3.2. Exposición da tésis

Tras a exposición das premisas anteriores a nosa tésis defende o seguinte.

O OE nos parece un instrumento que fomenta os lazos cívicos e o exercicio de cidadanía, estimulando as proximidades, os vínculos veciñais e a interlocución social e que xenera unha proximidade comunitaria máis alá da finalidade última da inserción laboral.

## 4. FACTORES A TER EN CONTA

Non debemos empezar a falar de factores sen aclarar que esta tésis sae da observación da evolución positiva que se produciu dentro da comunidade de alumnos/as.

Dende o principio do programa observamos a tendencia, como en calqueira comunidade de veciños, a prexulgar, xulgar e emitir xuicios de valor negativos sobre determinados veciños e veciñas digamos que ubicados dentro dos perceptores de axudas dentro dos servicios sociais, aínda que dita tendencia é abarcable á maioría dos/as alumnos/as traballadores/as.

Como en calqueira outra comunidade, os roces, as “retiradas de fala”, os pequenos conflitos de convivencia e a individualidade e os sentimentos que ían dende a cautela ata a desconfianza se manifestaban con máis asiduidade que os claramente positivos.

Tras seis meses de traballo no obradoiro e de intervención psicopedagóxica por parte do equipo directivo, podemos afirmar que os vínculos positivos entre os alumnos aumentaron en grande maneira gracias a instrumentos como as habilidades sociais, a comunicación activa, a regulación pausada dos conflitos, o diálogo e a negociación e o costume de amosar e defender a pluralidade e a integración, así como o dereito á diferenza como elemento vertebrador das relacións entre as persoas sen perder nunca de vista, evidentemente, o regulamento de réxime interno do obradoiro baseado na lexislación vixente no Estatuto dos Traballadores.

## IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

### Comunicaciones / Comunicacións

Pensamos que a comunicación positiva e activa aumenta en grande maneira o sentimento de eficacia e eficiencia e a autoestima persoal e mesmo profesional,

aumentando, por ende, a sensación de pertenza ó grupo. Si, derivada de esta sensación altamente positiva, chegamos a sentir pertenza á comunidade estamos xerando un sentimento de vínculo e lazo cívico que se basea nas seguintes características:

- Autonomía persoal
- Conciencia de dereitos e deberes que deben ser cumpridos e respetados
- Sentimento de vínculo cos cidadas e os proxectos da comunidade
- Participación responsable no desenvolvemento das obras a levar a cabo
- Sentimento de vínculo con calqueira ser humano para crear a nosa “aldea global”

Non debemos deixar de remarcar a importancia das actitudes do equipo directivo que poden ser tanto de carácter autoritario na medida do necesario para en ningún momento se deixen de acadar os obxectivos laborais marcados dentro do periodo de vixencia do contrato laboral cara a consecución dos obxectivos para os que foron contratados. O seu comportamento exemplarizante e o liderazgo positivo que transmiten, apoiados polo asesoramento técnico adecuada, impregnan practicamente as xornadas laborais dun ambiente que facilita a comunicación e a regulación non dramática dos posibles e cotiás conflitos. Todo isto non deixar de formar parte da formación complementaria que os/as alumnos/as deben recibir como futuros e futuras traballadores e traballadoras.

Para constituír esta rede social debemos xerar confianza e cooperación tentando explicitar as diferencias e acentuando as coincidencias co apoio das normas básicas do OE como fío conductor e regulador.

### **5. O OBRADOIRO DE EMPREGO COMO EXERCICIO DE CIDADANÍA**

Tras a exposición anterior non nos queda máis que remarcar que todo o mundo, incluído o micromundo do noso obradoiro, necesita unhas señas de identidade que brotan de diferentes xeitos e por iso podemos dicir que:

1. O exercicio de cidadanía é crucial para o desenvolvemento da madurez moral do individuo porque a participación na comunidade destrúe a inercia e a consideración do ben común alimenta o altruismo.
2. A cidadanía permite suavizar os conflitos que poden xurdir entre os que profesan distintas ideoloxías porque axuda a cultivar a virtude política da conciliación responsable dos intereses en conflito.

Retomamos a idea de “polis” grega onde o individuo se sabe membro da comunidade cuos fins coinciden cos seus propios (desenvolvemento das capacidades do individuo nunha comunidade política).

## 6. A “RENDABILIDADE COMUNITARIA” DO PROGRAMA

Está claro que non podemos achar en solitario unha solución individual ós problemas e situacións que implican ó conxunto dos homes e mulleres, pola contra,

necesitamos do esforzo da acción colectiva. A influencia dos Movementos Sociais é moi poderosa e xa ninguén discute, polo menos na teoría, a importantísima significación dos espazos de relación e comunicación social como “escolas de democracia” como núcleos potenciadores da iniciativa social.

O feito da existencia deste tipo de programas, axudadas pola duración dos mesmos, fai que un educador social, situado profesionalmente no posto axeitado, teña o “deber” de ter en conta o tecido social existente e o potencial. Só deste xeito poderemos detectar as necesidades, intereses, situacións carenciais do entorno, identificar o impacto da intervención, coñecer os acertos e erros e incorporar ás prácticas os cambios necesarios para facelas adecuadas á realidade.

A participación responde a un principio de eficacia posto que está directamente ligada ó rendemento, á eficacia e á eficiencia. Debemos apostar pola participación para acadar mellor ós obxectivos. Esta idea está perfectamente reforzada cando se trata de mellorar, como acontece claramente neste tipo de programas, a “calidade de vida colectiva” e non só satisfacer os intereses particulares dos individuos. As claves son:

- QUERER PARTICIPAR
- SABER PARTICIPAR
- PODER PARTICIPAR

A estas alturas ningúen dubida de que a maior parte dos problemas do noso tempo non teñen unha solución aillada e que debemos “pensar globalmente” para “actuar localmente” para buscar respostas integrais que promovan cambios e transformacións profundas.

Por último, defendemos que este tipo de programas acadan obxectivos xa que se fortalecen as relacións veciñais e humanas e que implica unha potencialización do rendemento e unha optimización dos esforzos que se traduce nunha maior eficacia e eficiencia na consecución das obras que son os fins para os que os/as alumnos/as traballadores/as están contratados laboralmente. Ata agora non se lle daba demasiada importancia a este feito ceais por:

- Un descoñecemento puro e duro
- A existencia dun prexuízo mútuo ou un certo medo a perder a “nosa identidade”
- Diferencias significativas en canto á análise e interpretación da realidade
- Búsqueda de protagonismo
- Competitividade

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL  
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones / Comunicacións

## 7. RESUMO DA EXPOSICIÓN

Finalmente defendemos a necesidade de traballar conxuntamente a totalidade do equipo directivo, asesorado na medida do posible polo técnico en intervención social e educación, para que os usuarios deste tipo de proxectos sexan quen de mellorar as súas relacións sociocomunitarias aproveitando este tipo de programas

que abarcan a un número salientable de veciños de xeito que non só se acaden obxectivos de inserción laboral senón tamén que estas relacións revirtan sobre a calidade da propia comunidade e sirvan de exemplo para os novos e novas cidadáns e xeracións.... e mesmo agardemos que exista un “contaxio epidémico” da poboación de relacións veciñais sanas e positivas.

Un saúdo

## BIBLIOGRAFÍA

- MARCO MARCHIONI, Comunidad, Participación y Desarrollo, Editorial Popular, Madrid, 1999
- XAN M. BOUZADA FERNÁNDEZ, Familia e Comunidade, Editorial Galaxia, Vigo, 2001
- EQUIPO CLAVES, Gestión Participativa de las Asociaciones, Editorial Popular, Madrid, 1998
- MARCO MARCHIONI, La Audición. Un método de investigación participativa y comunitaria, Editorial Benchomo, Santa Cruz de Tenerife, 1992
- ETTORE GELPI, Educación Permanente. Problemas laborales y perspectivas educativas, Editorial Popular, Madrid, 1990
- BELÉN CABALLO & FRANCISCO CANDIA & JOSÉ ANTONIO CARIDE & PABLO MEIRA, Léxico Básico, 131 conceptos clave de Educación Social, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago, 1997